

## NOTA DE PRENSA

### ALFREDO ALCAIN



1

Alfredo Alcain. *Palitos de colores sobre azul*, setiembre 2017. Óleo sobre tela, 130 x 162 cm

**28 xaneiro – 28 agosto 2022**

Salas de exposición do primeiro andar

Comisariado: Miguel Fernández-Cid

Producción: MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

## PRESENTACIÓN

---

A exposición de **Alfredo Alcain** (Madrid, 1936) no MARCO reúne máis de oitenta obras dende 1965 ata 2021, entre pinturas, debuxos, e esculturas. Máis que unha retrospectiva, formúlase como un intento de valorar un artista cun camiño moi persoal, un percorrido incuestionable dentro da historia da arte en España, e un grande recoñecemento por parte da crítica e artistas de diferentes xeracións – mesmo as más novas–, fronte a unha presenza institucional menor da que devera.

A partir dunha selección de obras que van sinalando distintas etapas do seu traballo, dende os anos sesenta ata a actualidade, a montaxe articúlase como un itinerario circular polas salas frontais da primeira planta, sacando partido da estrutura e amplitude dos espazos.

Tras un aceno inicial nos arcos de acceso a salas –*El chuleton* (1978) flanqueado por unha peza de Teresa Moro que reproduce o axexadoiro da porta da casa-estudio do artista, a modo de fío condutor entre as dúas mostras– a visita arranca con tres cadros nos que se queren sinalar algunas constantes de Alfredo Alcain: o seu persoal sentido do humor –inxenuo, sarcástico, ácido– e a súa recorrenza a unha iconografía popular e a sistemas de composición a xeito de imaxes moi dispares integradas no cadro: unha especie de escaparate (o interior dunha mercería, ou dunha ferraxaría), cunha mostraxe de obxectos que no caso de Alcain teñen unha forte ligazón emocional.

Recibe ao público *Autorretrato en el curso del tiempo*, unha peza con múltiples citas autobiográficas, incluída a placa funeraria da súa morte o día do seu nacemento. A ambos os dous lados, *Autorretrato del 44*, que presenta en aire pop a imaxe colexial dos estudantes da posguerra e o primeiro franquismo; e *Lugar para descansar*, no que reproduce a lápida dunha persoa falecida o mesmo día do seu nacemento.

2

---

Así, xunto á idea do paso do tempo, e á presenza constante do humor –en certo modo próximo ao do seu amigo José Luis Cuerda–, a exposición iníciase con esa declaración de intencións e ese xogo tan contemporáneo do eu e o outro, que el formula xa nos anos sesenta. Alcain, magnífico conversador, e autor de textos praticamente inéditos sobre outros artistas, é tamén un lector voraz e está moi ao tanto da actualidade artística e cinematográfica.

Nas grandes salas frontais formúlanse dous espazos diferenciados: por unha parte, as variacións sobre os bodegóns –cezanianos, pop, morandianos, pintados, construídos, en tres dimensións– e o despregamento en pezas dos papeis de Vasar. A intención é mostrar o modo de traballar de Alcain no tempo; o seu modo de ser recorrente en temas, incorporando sempre a sintonía do momento, e o seu empeño en ser “un e colectivo”, integrando pequenas obras de artistas amigos. Na outra sala, os seus cadros dos últimos vinte anos, xunto a esculturas de pequeno formato en bronce e madeira (bodegóns e arquitecturas), poñen de relevo esa faceta case manual da obra de Alcain, que suma e engade pincelada a pincelada, obxecto a obxecto, e o seu afecto por ver crecer a obra.

Nos corredores e salas intermedias, outros exemplos da súa pintura e obra en papel –como os debuxos de teléfono, situados xunto ás vitrinas con material documental que acompaña a mostra– dialogan coa linguaxe pop dos anos sesenta, principalmente a serie de modelos icónicos de barrios castizos de Madrid (escaparates e fachadas, lugares e obxectos de uso popular en vías de extinción), establecendo relacións, transmitindo a súa intención e o amor pola pintura, visible nas numerosas citas e referencias.

## TEXTO CURATORIAL

Para entender a verdadeira singularidade de Alfredo Alcain (Madrid 1936) hai que lembrar que, como pintor, arrinca do ámbito figurativo madrileño, aínda que axiña introduce como elemento diferenciador un humor fino, sutil, esixente, autocrítico, mesmo corrosivo cos principios que lle parecen más estables. Sábese manter coma ninguén nese espazo difícil que é o límite entre a tradición e a modernidade, porque Alcain, fiel coma poucos á pintura, é deses artistas que sempre se asoman, se deteñen e analizan unha novidade ou un cambio de rumbo nos discursos expositivos, aínda que en ocasións o guíe certo –e lóxico– escepticismo. Consciente da súa condición de pintor-pintor, é irredutible: na súa vida, na súa actividade, non busca escusas nin propón pasos intermedios, e fai que todo xire arredor da pintura.

Alcain traballa como un ilusionista (que é, á fin, un artista?): pinta con pausa, ante os nosos ollos repite modo e intención, sen gardar cartas nin trucos; todo o desvela, despréga, empezando polos seus intereses e devocións. E faino dun modo natural: abre camiños pero xustifica cada paso plástico dado.

Artista de taller, solitario nas súas buscas, fino e sagaz nos seus achados, semella ocupar con gusto un espazo lateral, que lle permite traballar ao seu ritmo, insistente e tenaz, nunha obra sobre a que de cote se pasa nas puntas dos pés, temendo non entender as súas claves. Sen dúbida, porque están ante os nosos ollos, pero require achegarse sen complexos visuais, e talvez sexa este un exercicio menos común do desexado.

3

Miguel Fernández-Cid, comisario da exposición



Alfredo Alcain. *Tríptico de la sandía, julio 1990*. Óleo e colaxe sobre madeira, 59 x 169,5 cm

## SOBRE O ARTISTA

**Alfredo Alcain** (Madrid, 1936) realizou estudos de Pintura na Escuela de Bellas Artes de San Fernando, Madrid (1953-58); estudos de Gravado e Litografía na Escuela Nacional de Artes Gráficas, Madrid (1957-63) e estudos de Decoración Cinematográfica na Escuela Nacional de Cinematografía, Madrid (1961-64).

En 2003 obtivo o Premio Nacional de Artes Plásticas, que concede o Ministerio de Educación y Cultura, en recoñecemento dunha traxectoria “que comezou hai moito tempo, cando tiña 16 anos”, tal como afirmou o artista. O recoñecemento do xurado debeuse á “súa actividade como pintor que soubo conciliar xeometría e lirismo, dende principios dos anos oitenta ata a actualidade, e que lle confirmou como unha das voces máis sólidas e singulares da pintura abstracta internacional”.

Durante os anos 60 e 70, a súa obra foi a radiografía dunha época, reflectindo á perfección a situación social. Fillo do Pop Art, posúe unha fonda cultura e tradición española, e na súa traxectoria pasou do retrato crítico da España de pandeireta ao cubismo contemporáneo, cun conxunto de obra impresionante. Vencellado nun primeiro momento ao mundo do cinema e do teatro, a súa pintura oscilou entre o pop e o realismo crítico, buscando non tanto o reflexo da sociedade de consumo (característico do Pop Art) como o reflexo da realidade urbana madrileña.

“Ao longo de cincuenta anos que cumplirán como pintor, prodúcense muitos cambios, que nunca fueron cambios bruscos, pero, loxicamente, a forma de pintar vai cambiando y hay muchas fases ao longo de su trayectoria,”, afirma. Ese continuo caminar llevó también a la creación escultórica, a las colchas, a las composiciones con objetos enfrentados, y al grabado, disciplina en la que trabaja mucho en la actualidad.

Dende o inicio da súa traxectoria, a súa obra foi protagonista de incontables exposicións individuais e colectivas, e está presente en museos e coleccións como Círculo de Bellas Artes, Madrid; Museo de Arte Contemporáneo, Sevilla; Museo del Grabado, Buenos Aires; Museo Internacional Salvador Allende, Santiago de Chile; Museo Municipal de Madrid; Biblioteca Nacional, Madrid; Museo de Bellas Artes, Bilbao; Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía (MNCARS), Madrid, entre outros.



Alfredo Alcain. *Autorretrato del 44, abril 1990*. Óleo sobre madeira, 112,5 x 150 x 4 cm

## INFORMACIÓN XERAL / DOCUMENTACIÓN / ACTIVIDADES

---

### Horarios apertura

De martes a sábados (festivos incluídos), de 11.00 a 14.30 e de 17.00 a 21.00  
Domingos, de 11.00 a 14.30

### Dossier documental

Paralelamente á exposición, a Biblioteca-Centro de Documentación do MARCO preparou un **dossier documental**, que reúne enlaces a artigos e información complementaria sobre o artista, accesible para consulta dende a web do MARCO [www.marcovigo.com](http://www.marcovigo.com) nos apartados Biblioteca/Novas e Exposiciones/Actuais.

### Programación para escolares

Colabora: Obra Social “la Caixa”  
A partir do 15 de febreiro de 2022  
Horario: de martes a venres de 11.00 a 13.30  
Previa cita: tel. 986 113900 Ext. 100 / 986 113908 / Correo-e: [comunicacion@marcovigo.com](mailto:comunicacion@marcovigo.com)

### Obradoiros infantís de fin de semana

Colabora: Obra Social “la Caixa”  
A partir do 5 de febreiro de 2022  
Horario: sábados de 11.00 a 12.30 (de 3 a 6 anos) e de 12.30 a 14.00 (de 7 a 12 anos)  
Previa inscrición: tel. 986 113900 Ext. 100 / 986 113908 / Correo--e: [repcion.marco@gmail.com](mailto:repcion.marco@gmail.com)

5

### Información e visitas guiadas

O persoal de salas está dispoñible para calquera consulta ou información relativa á exposición, ademais das visitas guiadas habituais:

Todos os días ás 18.00  
Visitas ‘á carta’ para grupos, previa cita nos tel. 986 113900 / 986 113908

### Rutas interactivas a través da App Vigo

O novo sistema de rutas interactivas a través da App Vigo permite aos visitantes acceder a todo tipo de contido sobre a exposición (vídeos, imaxes, información específica sobre as obras), sexa no propio espazo mediante os *beacons* ou dispositivos bluetooth situados en salas, ou en calquera outro lugar, seguindo a ruta dende a pantalla do móvil unha vez descargada a aplicación, ou dende o seu equipo a través da web do Concello de Vigo.

---

### Contacto Dpto. Comunicación e prensa

Marta Viana Tomé  
Tel. +34 986 113908 / 113904 / 113900  
[comunicacion@marcovigo.com](mailto:comunicacion@marcovigo.com)